

culturmar

1993-2018

**25 ANOS
NA SALVAGARDA**



Neste 2.018 cúmprense 25 anos des que CULTURMAR naceu, como Federación Galega pola Cultura Marítima, no marco do Iº Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia celebrado en Ribeira en 1993, onde as daquela poucas asociacións e persoas pioneiras deste movemento se conxuraron para seguir organizando o Encontro e para pularen conxuntamente por non deixar morrer o rico patrimonio marítimo galego nun momento de grave crise que nos estaba levando á súa deterioración e perda.

Nese mesmo ano 1.993 prodúcese un fito senlleiro na recuperación do patrimonio flotante: a construción, na escola obradoiro A Aixola de Marín, da “Nova Marina”, réplica da lancha xeiteira “Marina”, cuxos restos foran desenterrados ao pé de Caldebarcos nas marismas do areal de Carnota.

Conmemoramos pois 25 anos desta tríade inaugural (Encontro, Federación e recuperación da extinta xeiteira) dun movemento organizado para “defender, divulgar e dinamizar o patrimonio marítimo de Galicia, nomeadamente as embarcacións tradicionais que o integran”, obxectivo inicial e permanente do que hoxe é **CULTURMAR-Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial**.

Malia non viren sempre os ventos portantes, o xeneroso traballo voluntario de tantísimas persoas e colectivos ao longo destes 25 anos surtiu en moitos aspectos:

Aqueles cinco colectivos que iniciaron nas Rías Baixas a defensa e divulgación do patrimonio marítimo, convertéronse hoxe en **máis de corenta entidades federadas** nunha rede salferida por toda a xeografía galega, que incorporou asociacións do norte de Portugal e que acolleu entidades adicadas á cultura dos ríos.

Foi constante a recuperación e posta en uso de embarcacións que estaban a morrer nas praias ou ían ser queimadas: ao abeiro das asociacións federadas existe hoxe unha **flota tradicional galega** dunhas 300 embarcacións de case 20 tipoloxías distintas, salientable testemuño dos barcos de traballo en madeira, que hoxe cumpren unha función cultural e son destinados a uso social.

Celebramos bienalmente por distintas vilas mariñeiras o **Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia**. Van aló trece edicións (a vindeira de 2.019 terá sede en A Guarda) adicadas a poñer de manifesto a riqueza do noso patrimonio marítimo e fluvial e a sensibilizar a cidadanía e a Administración sobre a necesidade de salvagardalo. O Encontro converteuse na gran festa da cultura do mar e dos ríos de Galicia, na maior concentración de barcos tradicionais da Península e nunha cita internacional. Ademais, as asociacións federadas organizan anualmente en distintas vilas mariñeiras máis dunha ducia de xuntanzas de embarcacións e non menos de vinte regatas.

Poñemos a disposición da cidadanía varias exposicións arredor do patrimonio, ofértanse escolas permanentes ou cursos de navegación tradicional a vela, impártense obradoiros de carpintería de ribeira, obradoiros didácticos vencellados ao mundo mariñeiro, mostras de labores e oficios mariñeiros e artesáns. Elaboramos estudos teóricos sobre as embarcacións e investigacións no eido patrimonial costeiro e marítimo; editamos libros, monografías e revistas; organizamos xornadas e seminarios arredor do patrimonio natural e cultural, marítimo e fluvial.

Adoitamos incluír nos eventos máis relevantes actividades didácticas e lúdicas encamiñadas a espertar na poboación nova a querenza polo legado dos devanceiros, así como actividades inclusivas dirixidas á integración das persoas con calquera tipo de disfuncionalidade.

O intercambio de experiencias con outros territorios peninsulares e europeos é afán constante de CULTURMAR. As continuas expedicións á Bretaña, Portugal, País Vasco, Cataluña, pero tamén a Escocia e Irlanda, serven para representar a singularidade e riqueza do noso patrimonio, e tamén para darlle unha maior dimensión e aprender doutras experiencias. Desde o ano 2009 CULTURMAR integra a European Maritime Heritage (EMH), asociación que asesora as autoridades da Unión Europea en materia de patrimonio marítimo.

Fomos recoñecidos co Premio Cultura Galega 2.015 no eido do Patrimonio. Pero non procuramos recoñecemento para nós, a nosa angueira é que a sociedade acredite no valor e potencialidades do patrimonio marítimo e fluvial como elemento constitutivo e determinante da cultura galega; que entre todos elaborem unha estratexia de país asentada en tres piares fundamentais: a rede de voluntariado que nós e outras entidades afíns representamos, a Universidade e a Administración, que alén de axudas e colaboracións puntuais, ha de crear o marco normativo e achegar recursos que couten de vez o abandono e perda patrimonial e favorezan a súa salvagarda.

Pois que o patrimonio é de todos e a todos compete a súa salvagarda, decidimos celebrar os actos centrais da efeméride na capital de Galicia: a praza do Obradoiro, corazón emblemático labrado ao longo da historia polos mestres canteiros, acolle a obra dos mestres carpinteiros de ribeira; o Museo do Pobo Galego, custodio do noso patrimonio e da cultura popular, unhas xornadas acerca do labor desenvolvido e das tarefas que con urxencia precisa a salvagarda do patrimonio marítimo e fluvial.